

Tema 9

A cuestión nacional no século XIX.

Nacionalismo español vs nacionalismos periféricos.

Nas décadas finais do S.XIX xurde en España a chamada cuestión **nacional**. Con este termo alúdese á confluencia de diferentes nacionalismos ou proxectos nacionais de difícil harmonización e a miúdo en conflito entre si:

-Un **nacionalismo español** dominante que defende a existencia dunha única nación en España e que utiliza o aparato do Estado para crear unha *conciencia nacional española*. O seu rexeitamento das tendencias particularistas contribuirá a radicalizar aos defensores destas tendencias.

-**Uns nacionalismos periféricos** (catalán, vasco, galego...) que defenden o carácter diferencial das súas comunidades e que rematarán por afirmar a existencia de diferentes nacións en España.

O xurdimento da cuestión nacional explícase pola confluencia de diversos FACTORES:

1- **A diversidade cultural e mesmo política** existente desde tempos remotos dentro dos límites do Estado español. Do mesmo xeito, o feito de que a monarquía dos Austrias (S.XVI-XVII) primara os intereses imperiais sobre a construción dunha verdadeira "monarquía nacional" permitiu a pervivencia de altas cotas de autogoberno até tempos recentes nalgunhas comunidades (en Cataluña até os "Decretos de Nova Planta"-comezos do S.XVIII- e no País Vasco até o remate da 3ª Guerra Carlista -1876-)

2- A forma que adquiriu a deficiente **construción do Estado liberal** en España ao longo do S.XIX, caracterizada por:

A. Un centralismo uniformizador: supresión das particularidades xurídicas e económicas, creación de novas unidades administrativas (p.e. a nova división provincial) que rompen as divisións tradicionais, imposición dun modelo cultural e lingüístico uniforme

B. Unha débil nacionalización que non consegue consolidar un "sentimento nacional español" compartido por todos. Contribúen a este fracaso:

- o predominio histórico das opcións máis conservadoras,
- as profundas divisións políticas que orixinaran “as dúas españas”,
- a deficiente escolarización,
- o sistema de "quintas",
- a ineficacia dunha administración que só serve para cobrar os impostos...

Todo isto terá repercusións como a falta de consenso e identificación cos símbolos nacionais: dúas bandeiras, dous himnos....

C. O desigual desenvolvemento do capitalismo e a industrialización, que afondou as desigualdades na estrutura económica das diferentes áreas do país

D. A todos estes factores veuse sumar, a finais do S.XIX, a **desilusión pola marcha de España**, motivada polo fracaso colonial (1898) (“me duele españa”), a conciencia de atraso e decadencia que medrou en moitos círculos sociais do país... Esta sensación de desencanto frustrou o desenvolvemento dun sentimento de orgullo de pertenza a unha "patria común" e, pola contra, contribuíu a fortalecer os sentimentos diferenciais das distintas comunidades.

Alguns destes nacionalismos acadaron unha forte presenza social e electoral xa nas primeiras décadas do S.XX. Así ocorreu en **Cataluña** coa *Lliga Regionalista* ou no **País Vasco** co *PNV*. En **Galicia** a influencia do nacionalismo foi sempre menor e haberá que agardar aos anos 30 para que consiga certo éxito coa fundación do *Partido Galeguista*. Tras a proclamación da *II República*, estes movementos contribuíron á apertura do debate sobre a reorganización do Estado nunha dirección descentralizadora. Deste xeito, a Constitución republicana proclamaría o "Estado integral" compatible coas "autonomías rexionais". En contraste a ditadura franquista vai perseguir con saña aos nacionalismos periféricos.

En cada un dos movementos nacionalistas podemos distinguir tres fases:

1ª -O provincialismo: termo que se emprega para cualificar todas aquelas doutrinas e movementos que, dende 1833 defenden, contra o centralismo, o recoñecemento das particularidades culturais das provincias que constitúen España, identificadas estas, nalgúns casos, cos vellos reinos medievais: Galicia, Cataluña...

2ª -O rexionalismo: termo empregado, a partir da década de 1880, para cualificar aqueles movementos políticos e culturais que reivindicán formas de descentralización administrativa e de autogoberno consideradas como un dereito histórico.

3ª -O nacionalismo ou defensa da consideración e do recoñecemento da comunidade propia como unha nación diferenciada con dereito a dispoñer de soberanía política e de goberno propio; aparece así, a finais do século XIX e comezos do XX, a idea da existencia da nación catala, vasca ou galega e a creación de partidos nacionalistas que defenden estes dereitos.

O Catalanismo

- A Renaixença

Cara ó ano 1830, dentro do contexto cultural do Romanticismo e no marco dun Estado liberal español con dificultades para vertebrar un desenvolvemento económico harmónico, xurdiu en Cataluña un amplo movemento cultural e literario, coñecido como a Renaixença. A súa finalidade era a recuperación da lingua e dos sinais de identidade da cultura catala, pero carecía de aspiracións e de proxectos políticos, sendo os seus obxectivos puramente culturais.



- Centre Catala

As primeiras formulacións catalanistas cun contido político viñeron da man de Valentí Almirall, un republicano federal decepcionado, que convocou o primeiro Congreso Catalanista (1880) co obxectivo de unificar as dúas correntes máis destacadas do catalanismo, a de herdanza republicana e progresista, e a máis literaria, apolítica e conservadora. Este movemento culminou na creación do "**Centre Català**" (1882), organización que pretendía sensibilizar a opinión pública catala para conseguir a autonomía.

No ano 1885 impulsou a redacción dun "Memorial de Greuges" (Memorial de Agravios), que lle foi presentado a Afonso XII por unha ampla comisión de personalidades pouco antes da morte do monarca. O memorial denunciaba a opresión de Cataluña e reclamaba a harmonización dos intereses e das aspiracións das diferentes rexións españolas.


- Unió Catalanista

Un grupo de intelectuais, vinculados ó xornal "La Renaixença" e contrarios ó progresismo de Almirall, fundaron a "Unió Catalanista" (1891), unha federación de entidades de carácter catalanista de tendencia conservadora. O seu programa quedou fixado nas **Bases de Manresa**, que defendían unha organización confederal de España e a soberanía de Cataluña en política interior. Proclamaba a oficialidade do catalán e

propoñía o restablecemento das institucións tradicionais de Cataluña (Audiencia e Cortes) que deberían ser escollidas por sufraxio corporativo.

- A Lliga

A renuncia da "Unió Catalanista" a participar na vida política levou a un grupo de catalanistas, vinculados ó xornal "La Veu de Catalunya" (Prat de la Riba, Cambó, entre outros), a defender unha intervención máis clara na política e á conversión do catalanismo nunha causa capaz de mobilizar a amplos sectores da poboación. O momento propicio para esa nova formulación chegaría tralo desastre do 98.



F. Cambó

En Cataluña, o impacto da crise do 98 foi decisivo para a madureza e maila expansión social do catalanismo. Os fracasos dos proxectos reformistas dos diversos gobernos favoreceron a confluencia de intereses entre os sectores catalanistas favorables á intervención electoral e a burguesía industrial e comercial, cada vez máis afastada dos partidos dinásticos e máis achegada ó rexionalismo. Froito desa converxencia foi a creación en 1901 da "**Lliga Regionalista**", que contou entre os seus líderes a Enric Prat de la Riba e Francesc Cambó. A *Lliga* presentaba un programa político conservador, centrado na loita contra o corrupto e ineficaz sistema da Restauración e a prol dun reformismo político que outorgase a autonomía a Cataluña. O seus éxitos electorais en Barcelona a partir de 1901 convertérona na forza hexemónica en Cataluña ata o ano 1923.

Todas as reivindicacións catalanistas foron reprimidas pola ditadura de Primo, situación que contribuíu a súa radicalización e favoreceu o reagrupamento das forzas da esquerda nacionalista que en 1931 formaran Esquerra Republicana de Catalunya, forza hexemónica en Cataluña durante a Segunda República

O nacionalismo vasco

Causas: abolición dos foros e inmigración

No País Vasco, as formulacións nacionalistas forxáronse ó longo da segunda metade do século XIX a partir dunha corrente de recuperación da cultura vasca. Pero foi, sobre todo, **a abolición dos foros** trala última guerra carlista en 1876 o que deu orixe ó nacemento dunha corrente que reivindicaba a reintegración foral (estes foros, que os vascos mantiñan desde a Idade Media garantizabanlle un status

especial dentro da coroa definido polos seus privilexios forais: sistema fiscal propio, exención de moitos impostos, institucións propias, restricións no servizo militar....).

Doutra banda, o proceso industrializador favoreceu unha forte **inmigración**, que supuxo unha ruptura da sociedade tradicional vasca. Como reacción, fortaleceuse unha corrente de defensores da lingua e mais da cultura vascas, contrarios ó proceso de españolización provocado pola chegada de traballadores doutras rexións de España denominados despectivamente “maketos”. Estes traballadores van ser considerados como seres inferiores e destrutores das esencias vascas:

Sabino Arana e a fundación do PNV



Sabino Arana

Foi neste contexto cultural e político no que **Sabino Arana** recollendo a tradición foralista, formulou os principios orixinarios do nacionalismo vasco e impulsou a formación do Partido Nacionalista Vasco. Nacido nunha familia carlista e contrario a modernización e o liberalismo, Sabino Arana foi o principal ideólogo do nacionalismo vasco. A súa ideoloxía articulábase en torno ós principios da “raza vasca”, dos foros e da relixión. O seu lema foi "Deus e Lei Vella" (*Jaungoikoa eta Lagizarra*) e defendía a vella sociedade patriarcal desde unha perspectiva antiliberal e tradicionalista, ó mesmo tempo que avogaba pola total reintegración dos foros. O nacionalismo vasco atacaba tanto á clase dirixente vasca, considerada responsable da destrución da sociedade tradicional ó favorece-lo proceso industrializador, como ó socialismo obreiro, acusado de perturbador da orde social e estraño ás tradicións vascas dada a súa influencia entre a inmigración. En 1894 fundou o *Euskeldun Batzokija*, unha sociedade político-recreativa da que xurdira, un ano despois, o PNV:

Consolidación do nacionalismo vasco

Tamén no País Vasco, os anos ó redor do cambio de século foron decisivos para a consolidación do nacionalismo. No ano 1898, Sabino Arana, fundador do Partido Nacionalista Vasco, foi elixido deputado provincial por Biscaia; ó ano seguinte os nacionalistas chegaban ó Concello de Bilbao e, no ano 1907 logran a alcaldía da cidade. O principal marco de acción política do partido era o propio País Vasco e centraba os seus esforzos electorais no control dos Concellos e das Deputacións, sobre todo de Biscaia, onde tiñan maior presenza e forza; mais non tomaban parte nas eleccións xerais españolas.

Ademais da penetración nas institucións vascas, o nacionalismo suavizou o discurso inicial de Sabino Arana, quen nos últimos anos da súa vida amosou unha certa renuncia ás súas teses máis independentistas para impulsar a transformación do PNV nun partido nacionalista, mais con obxectivos fundamentalmente autonomistas.

No ano 1913, o PNV pasou a denominarse "**Comunión Nacionalista Vasca**" e, co fin de atraer á burguesía ó campo nacionalista, o novo partido amosou unha postura de moderación, presentándose como un partido de orde . A Comunión obtivo os seus primeiros grandes éxitos electorais nos anos 1917 e 1918, cando por primeira vez se presentou ás eleccións xerais, nas que acadou 6 dos 7 escanos de Biscaia. En 1923 foron suprimidas as organizacións políticas vascas, só se permitiron actos culturais ou folclóricos. En 1930 as tendencias uníronse de novo no PNV, partido que será hexemónico no País Vasco na segunda República.

O Galeguismo

En Galicia xurdiu tamén, a partir de mediados do século XIX, unha progresiva toma de conciencia das súas particularidades que foi unida á defensa da súa cultura e dos intereses económicos e políticos. O resultado foi a configuración dun heteroxéneo movemento, o **galeguismo**, que reivindica, con maior ou menor intensidade e radicalidade, o recoñecemento das peculiaridades de Galicia e o autogoberno do pobo galego. Ata o corte brusco que supuxo a Guerra Civil española de 1936-39, na configuración do galeguismo pódese apreciar un continuo proceso evolutivo no que se diferencian con claridade tres fases: provincialismo (1840-1885), rexionalismo (1885-1916) e nacionalismo (1916-1936):

Provincialismo

En torno a década de 1840 xorden en Galicia as primeiras manifestacións dun pensamento e dunha actuación política nos que aparecen tanto a defensa de Galicia e da súa maneira de ser como a crítica ó centralismo. O descubrimento de Galicia como unha unidade independente doutros pobos foi froito do labor da denominada *xeración de 1846*, un fato de homes entre os que destaca **Antolín Faraldo**, que a través dos seus escritos puxeron de manifesto as principais características diferenciadoras de Galicia (lingua, costumes, historia, economía...) e os problemas que padecía

A primeira posta en práctica destas ideas manifestouse con forza no pronunciamento de 1846. Encabezado por Miguel Solís y Cuetos contra o goberno dos moderados de Narváez, propiciou a formación

Historia de España 2º Bacharelato - Fernando Prieto Valdés e Alba Dominguez Brea - Licenza CC BY NC SA 6

en Santiago dunha *Junta Superior del Gobierno de Galicia* que denunciou a explotación que padecía o pobo galego. Paralelamente, no eido da cultura, desenvolveuse un activo movemento de recuperación histórica e literaria, o **Rexurdimento**.

Rexionalismo

De modo paralelo ó que sucede noutras zonas de España, na década de 1880, aparece en Galicia claramente configurado un movemento de carácter rexionalista. A defensa do rexionalismo galego foi formulada dende dúas posturas ideolóxicas diferentes: unha liberal liderada por **Manuel Murguía** e outra conservadora, tradicionalista e católica representada por **Alfredo Brañas**.



Manuel Murguía

Foi Murguía o primeiro defensor da existencia dunha nacionalidade galega diferente ás demais xustificando a súa realidade en razóns étnicas, idiomáticas, xeográficas, e históricas. Partindo dunha posición liberal, Murguía reivindicou para Galicia o dereito a recobrar a súa autonomía política que só se podía lograr mediante unha ampla descentralización administrativa e económica.



Alfredo Brañas

Sen embargo foi Alfredo Brañas quen mellor sistematizou as reivindicacións e formulacións do rexionalismo galego. Nas súas obras Brañas tratou de fundamentar as bases dun rexionalismo que puidese ser aplicado a todas aquelas comunidades que tivesen as mesmas aspiracións á autonomía política dentro de España e que resolvese o problema diferencial dos distintos pobos hispanos; defendeu a idea da dobre patria (a grande e a pequena) coa finalidade de conxugar as reivindicacións rexionalistas coa unidade de España e avogou pola formación de institucións propias para o goberno das rexións.

Nacionalismo



Castelao

A partir de 1916, o pensamento político galeguista afirma con rotundidade que Galicia é unha nación. Os escritos e as obras, entre outros, de Antón Vilar Ponte (*Nacionalismo Gallego. Nuestra afirmación regional*, 1916), Vicente Risco (*Teoría do nacionalismo galego*) e Castelao (*Sempre en Galiza*, 1944) recolleron, fundamentaron e divulgaron os trazos esenciais da nación galega.

Foron Vicente Risco e Castelao quen mellor sistematizaron e defenderon os trazos nacionais de Galicia. Segundo eles, Galicia é unha nación perfectamente diferenciada e caracterizada pola súa lingua (o galego), a súa xeografía (a Terra galega), a súa raza (céltica), o seu espírito (a alma galega, a saudade), a súa cultura e a súa historia, elementos claramente senlleiros con respecto ós demais pobos de España

As **diferenzas** entre eles xorden por motivos políticos e sociais. Así, o nacionalismo tradicionalista (Vicente Risco, Otero Pedrayo, Filgueira Valverde...) defendeu o predominio ideolóxico do catolicismo na sociedade galega, a hexemonía social e política da fidalguía e dos sectores intelectuais e a preeminencia dos valores e actuacións culturais como obxectivo prioritario do nacionalismo; en cambio, o nacionalismo democrático (Xoán Vicente Viqueira, Castelao, Alexandre Bóveda...) toma ó pobo galego como referente político das súas actuacións e busca alcanzar unha democracia compatible co pleno autogoberno de Galicia.

No terreo organizativo, o nacionalismo galego manifestouse inicialmente a través das *Irmandades da Fala*. En 1916 fundouse na Coruña, impulsada por Antón Vilar Ponte, a primeira destas irmandades que rapidamente se estenderon por toda Galicia. Os seus obxectivos foron tanto a defensa, dignificación e cultivo do idioma galego como a potenciación da propia identidade e a busca de solucións para os problemas económicos e políticos de Galicia. En 1918, en Lugo, celebrouse a primeira asemblea das *Irmandades da Fala*, a I Asemblea Nazonalista, na que se definiu o seu programa político: a busca da autonomía integral de Galicia.



Ó movemento das *Irmandades do Fala* incorporáronse numerosas personalidades da cultura e da intelectualidade galega, aínda que a súa repercusión popular foi minoritaria. As diferenzas ideolóxicas e de estratexia política entre os partidarios da participación nas eleccións e os partidarios da abstención fixeron que o movemento **se escindise** en

dúas liñas diferentes. Na IV Asemblea Nazionalista celebrada en Monforte de 1922, a meirande parte das *Irmandades*, encabezadas por Risco, decidiron fundar e integrarse na *Irmandade Nazionalista Galega* cun programa baseado preferentemente na propaganda política e de concienciación da sociedade galega e no abstencionismo electoral. En cambio, a *Irmandade* da Coruña, a de maior número de afiliados, decidiu, seguindo a Luis Peña Novo, a participación política nas eleccións. En 1924 o goberno de Primo de Rivera iniciou a represión de calquera tipo de actuación ou propaganda política dos nacionalismos periféricos e as actividades galeguistas quedaron reducidas so ó ámbito cultural ata a chegada da Segunda República.

Imaxes : WikiComkons (Dominio Público)